

Devesa da Rogueira



Fontes da Rogueira



<b>DISTANCIA</b> 14,2 km.		<b>TEMPO ESTIMADO</b> 6h 25min		<b>TIPO DE PERCORRIDO</b> Circular	
<b>ALTURA MÁXIMA</b> 1363 m.		<b>ALTURA MÍNIMA</b> 728 m.		<b>DESNIVEL ACUMULADO</b> 1118 m.	

<b>DIFICULTADE</b>	Media	<b>HOMOLOGADA</b>	SI
--------------------	-------	-------------------	----

<b>PUNTO DE PARTIDA/CHEGADA</b>	Aula da Natureza de Moreda
---------------------------------	----------------------------

<b>ACCESO EN BICICLETA</b>	Non apto
----------------------------	----------

**SERVIZOS**

Na aldea de Moreda existen aloxamentos de turismo rural así coma fontes de auga potable. Tamén existe un aula da natureza onde obter información acerca do entorno que imos a visitar.

M.I.D.E.	Medio	Itinerario	Desprazamento	Esfuerzo
	2	2	2	3



Partindo da aula da natureza, comezaremos ascendendo en dirección a Moreda. Nesta aldea poderemos contemplar exemplos de construcións típicas da comarca. Continuaremos ascendendo por unha das ladeiras que conforman o val e pasaremos por diante dunha serie de antigas cabanas, coñecidas como Moreda Maior. Máis adiante pasaremos por un saínte da montaña que penetra no val e permitenos gozar dunha magnífica panorámica.

A partir de aquí introducírémonos de cheo na Devesa da Rogueira, considerada como un dos mellores bosques galegos. Nela están presentes boa parte das especies de árbores, arbustos e flores de Galicia. Na parte alta da Devesa da Rogueira atoparemos as Fontes do Cervo, e poderemos ascender ata o miradoiro de pico Polín, que ofrece unhas vistas impresionantes de todo o Courel.

De regreso, volveremos á Devesa para descender próximos ao Rego da Rogueira ata o noso punto de partida na aula da natureza.

### ACCESOS

Dende Quiroga tomar a estrada LU -651 en dirección a Folgoso e a Seoane do Courel. Pouco antes de chegar a Seoane, no km 33, tomar un desvío á dereita no xa se atopa indicada a Devesa da Rogueira xunto coa poboación de Moreda, onde comeza a ruta.

### PERCORRIDO

Moreda, Ruínas da Moreda Maior, Fontes do Cervo / Fontes da Rogueira, Miradoiro do Pico Polín, Aula da Natureza.


### SINALIZACIÓN

Sinalización segundo a normativa de homologación da F.G.M. Existen paneis informativos na Aula da Natureza de Moreda e no Alto do Couto. Marcas de pintura realizadas en 2017.

### RECOMENDACIÓNS

Esta ruta é recomendable realizala en sentido horario, en dirección a Moreda Maior, xa que desta forma salvarase a maior parte do desnivel positivo na primeira metade do percorrido. Aproveitade a ruta para tentar reconecer a gran variedade de especies presentes nesta xoia botánica galega. Tamén debemos ter o máximo respecto e coidado con este fráxil entorno natural.

**MÁIS INFORMACIÓN** [www.folgosodocourel.es](http://www.folgosodocourel.es) [www.wikiloc.com](http://www.wikiloc.com)



### PUNTOS DE INTERESE / CONTORNA

- > Aula da Natureza de Moreda
- > Fontes do Cervo
- > Miradoiro do Pico Polín
- > Pico de Formigueiros
- > Lagoa da Lucenza